

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A FEDERACIÓN DEPORTIVA GALEGA DE AUTOMOBILISMO PARA A ORGANIZACIÓN DOS CAMPIONATOS GALEGOS DE RALLYS (RALLYS ASFALTO, RALLYMIX E RALLY MONTAÑA) NO ANO 2016

En Santiago de Compostela, a 23 de maio de 2016

R E U N I D O S

O Sr. D. José Ramón Lete Lasa, Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en uso das competencias desconcentradas nos Secretarios Xerais dependentes da Presidencia, en virtude da Disposición Adicional Segunda do O Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 60/2015, do 16 de abril.

O Sr. D. Iván Corral Pérez, Presidente da Federación Galega de Automobilismo en nome e representación da mesma, en exercicio das facultades atribuídas ó efecto polos seus estatutos federativos.

E X P O Ñ E N

- I. Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondendo á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no *Decreto 88/2013, de 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 60/2015, do 16 de abril.*
- II. A *Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia* regula no seu artigo 51.1 as federación deportivas galegas, configurándose estas coma entidades privadas sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena

capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación se estende á Comunidade Autónoma.

- III. Segundo o establecido na Lei 3/2012, de 2 de abril, só se pode recoñecer unha federación deportiva por cada modalidade deportiva (art. 51.5), exercitando cada unha delas en réxime de exclusividade, ademais das funcións que son propias do seu ámbito privado, as funcións públicas delegadas no artigo 56.4 da norma, actuando neste caso como axentes colaboradores da Administración (art. 51.4).
- IV. Neste marco das funcións federativas, é pretensión da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, subscribir o presente convenio de colaboración coa Federación deportiva de Automobilismo para a organización no ano 2016 dos Rallyes detallados no Anexo I (rally asfalto, rally mix e rally montaña).
- V. A tal efecto, as partes subscriben o presente convenio que se suxeitará as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio.

O obxecto do presente convenio é establecer para o ano 2016, as bases de colaboración deportiva e económica entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Automobilismo, ao fin da realización por esta da organización no ano 2016 dos Rallyes detallados no Anexo I (rally asfalto, rally mix e rally montaña).

Segunda.- Financiamento e importe da axuda

Ao fin de cumprimentar o establecido na cláusula primeira, a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Automobilismo asinan este convenio por importe de cento tres mil cincocentos euros (103.500 €) imputables á aplicación orzamentaria a anualidade que de seguido se identifican:

04.40.441A.481.0.
Anualidade 2016

Os importes anteriores destinarase ás distintas probas deportivas que se recollen e identifican no anexo I do presente convenio.

Terceira.- Concorrencia con outras axudas.

A presente subvención é compatible con outras subvencións e axudas, públicas ou privadas, que poida acadar a Federación para a realización das actuacións obxecto do presente convenio e que se reflicten no seu Anexo I, sempre que a suma de tódalas subvencións e axudas non superen os gastos asumidos pola Federación con motivo de ditas actuacións obxecto da presente subvención.

Cuarta.-Obrigas da Federación

4.1. Executar o obxecto do presente convenio, para o cal a Federación Galega de Automobilismo terá a obriga de asinar un convenio de colaboración con cada un dos organizadores das probas ás que se destina esta subvención polo importe establecido no Anexo I, no que se estableza que alomenos un 50% do importe total da subvención recibida por cada escudería debe ser destinada á seguridade na proba.

4.2. Xunto ás obrigas legais que se deriven dos ámbitos materiais das subvencións, contratación e calquera outros que se lles sexan de aplicación, así como as demais obrigas establecidas no presente convenio, son obrigas da Federación o cumprimento dos termos do mesmo así como da normativa reguladora de subvencións, particularmente o establecido no artigo 11 da *Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia* -e artigos correspondentes do decreto 11/2009, do 08 de xaneiro-; en concreto:

a) Con carácter previo á firma do convenio, é requisito indispensable a entrega da seguinte documentación:

- Declaración responsable asinada polo presidente da federación de non atoparse incurso en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativas concordantes.

- Declaración asinada polo presidente da federación de outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos, ou privados, nacionais, da UE, ou de organismos internacionais, tanto aprobadas ou concedidas como pendentes de resolución, segundo o modelo enviado previamente dende esta Secretaría Xeral (Anexo II). Esta declaración deberá entregarse de novo con cada una das xustificacións dos anticipos concedidos neste convenio.

- Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma (Anexo III).

- Certificación da conta bancaria onde se efectuarán os pagamentos.

- Código de Identificación Fiscal (CIF) da federación.

- Certificación de estar cumprindo, así como manter durante todo o período de vixencia do convenio, o establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a través da inclusión da información na web federativa da totalidade de información segundo anexo VI reflectido neste convenio e que será enviado previamente dende esta Secretaría Xeral.

- b) Facilitar toda a información que lle sexa requirida e someterse ás actuacións de comprobación a efectuar pola Secretaría Xeral para o Deporte así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións. Así mesmo, e de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Federación queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, e segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control nacional ou europeo.

- c) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, ao efecto das actuacións de comprobación e control.

- d) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas polo presente convenio.

- e) Acreditar estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, mediante declaración responsable a aportar no momento de subscripción do presente convenio, e elo conforme ao establecido no Anexo III.

- f) Dispoñer dos libros e rexistros debidamente dilixenciados que establece o Art. 55 da Lei 3/2012 de 2 de abril, do Deporte de Galicia.
- g) Incluír a identidade corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte en tódalas comunicacións, presenza publicitarias e medios de comunicación da Federación, así coma nos que esta estea presente, incluíndo internet, así como nas fichas deportivas, pancartas, lugares de competicións oficiais e demais eventos da súa modalidade deportiva, etc.

4.3. Velar pola igualdade efectiva entre mulleres e homes así como cumprir o establecido na lei 197/2007 do 11 de xullo contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte.

4.4. Colaborar, fomentar y facilitar a participación no deporte das persoas con algunha discapacidade, tal e como se establece no artigo 51 da lei 3/2012 do Deporte de Galicia.

4.5. Velar polo cumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de prevención e loita contra a dopaxe no deporte.

4.6. Velar polo cumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de loita contra a violencia no deporte.

4.7. Presentar, antes do 30 de xullo do 2016, á Secretaría Xeral para o Deporte, segundo o disposto na resolución do 23 de maio de 2011, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se regulan determinados aspectos da contabilidade das asociacións deportivas, as contas anuais (balance de situación, conta de resultados e memoria económica) así como memoria descritiva das actividades realizadas no exercicio económico 2016. Así mesmo, de resultar obrigada conforme o plan de Auditorías aprobado ao comezo do exercicio pola Secretaría Xeral para o Deporte, deberán presentar dito informe no prazo establecido.

Quinta.- Pagamento.

5.1. Conforme ao establecido no artigo 63 do decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, o abono da presente subvención realizarase da seguinte forma:

- a. Un primeiro pago, de ata un máximo do 30% da contía achegada pola Secretaría xeral para o Deporte tramitarase no momento da sinatura do convenio.

- b. Un segundo, equivalente ao tanto por cento restante da contía achegada pola Secretaría xeral para o Deporte, librarase unha vez xustificando o primeiro anticipo, que se deberá realizar con data límite 30 de xuño de 2016.

O segundo pago xustificarse antes do 31 de decembro de 2016.

5.2. Non se realizará ningún pagamento se non se cumpre o establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e na Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno.

Sexta.- Xustificación da subvención

6.1.A xustificación da subvención farase nos prazos establecidos no parágrafo 5.1.b) da cláusula 5ª do convenio.

De acordo co artigo 45 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Federación deberá presentar ante a S.X. para o Deporte a xustificación do 1º e 2º pagamento nos prazos fixados no apartado anterior. Transcorridos estes prazos sen presentar a xustificación correspondente nesta S.X. para o Deporte, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación de xustificación neste prazo conlevará a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia

6.2. Para a xustificación da subvención, a Federación deberá aportar, unha relación clasificada da totalidade dos gastos realizados, conforme á previsión recollida no Anexo I no que figuren os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes, a explicación do gasto detallado e datas de pagamento.

Esta relación acompañarase dos convenios de colaboración establecidos en cada unha das probas así como da correspondente xustificación de gastos realizada pola entidade organizadora da proba que deberá achegar á federación unha relación da totalidade dos gastos realizados.

Esta xustificación irá acompañada dunha certificación por parte do secretario da entidade, co visto e prace do presidente onde se recollan a relación de facturas destinadas a gastos de seguridade, dando cumprimento o establecido na cláusula 4 apartado 1. do convenio.

Ademais deberanse achegar as facturas orixinais ou fotocopias compulsadas das mesmas, con xustificación bancaria de que os pagamentos estean

realizados cos requisitos esixidos no artigo 42.2 do regulamento de subvencións de Galicia, así como o xustificante da transferencia bancaria do pagamento da Federación á entidade organizadora polo importe do convenio suscrito.

Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario.

6.3. No caso de facturas que superen o importe de 9.000€, deberán achegarse al menos tres orzamentos de tres empresas diferentes e a xustificación da empresa elixida. Os orzamentos deberán solicitarse, estar datados, con data anterior a contratación pola federación.

6.4. Na xustificación de cada un dos pagamentos, xunto á relación clasificada de gastos e os documentos acreditativos dos gastos e pagos, a Federación entregará a seguinte documentación:

- a. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos, emitida polo Secretario da Federación co visto e prace do Presidente.
- b. Declaración doutras axudas (Anexo II)
- c. Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade Social (Anexo III)
- d. Certificado de veracidade dos datos presentados (Anexo IV)
- e. Certificación de cumprimento das normas de bo goberno (Anexo V)
- f. Memoria de actividades deportivas (parcial no primeiro pagamento e total no pagamento final).
- g. Memoria explicativa de cada un dos gastos presentados.

6.5 .Ademais da documentación ata o de agora sinalada, para a xustificación do segundo e último anticipo deberá aportarse tamén:

-Acreditación, nun apartado específico da xustificación, do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte mediante a achega de documentos gráficos nos que conste a mesma.

6.6. Os documentos xustificativos de gastos e pagamentos deberán de estar datados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2016, ambas datas incluídas.

Séptima.- Gastos subvencionables

No ámbito do presente convenio, terán a consideración de gastos subvencionables os necesarios para levar a cabo o obxecto do presente convenio tendo en conta as obrigas establecidas na cláusula 4 , apartado 1.

Serán subvencionables os gastos efectuados entre 1 xaneiro de 2016 e o 31 de decembro de 2016 destinados ao pago dos gastos derivados da organización no ano 2016 dos Rallyes detallados no Anexo I (rally asfalto, rally mix e rally montaña).

Oitava.- Comisión de seguimento e interpretación

Para o seguimento do grao de execución do presente convenio e a solución de controversias que a súa interpretación poida motivar, créase unha Comisión integrada polos seguintes representantes:

- Dous representantes designados pola Secretaría Xeral para o Deporte.
- Dous representantes da Federación Galega.

As discrepancias que, elevadas para súa resolución, non sexan resoltas a satisfacción da parte que a formule, serán sometidas ao coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa. Non obstante, as incidencias que se poidan formular en relación coa concesión, xustificación e reintegro da presente subvención deberán resolverse polo Secretario Xeral como órgano competente para a concesión da subvención, de acordo co artigo 7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a disposición adicional 2ª do Decreto 88/2013 de 30 de maio de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Novena.- Vixencia do convenio e causas de resolución .

A vixencia do presente convenio estenderase dende o día seguinte o da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016, salvo denuncia expresa de calquera das partes. Non obstante esta vixencia, enténdense amparados polo presente convenio todos os gastos referidos dende o día 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro do mesmo ano.

Son causas de resolución do presente convenio:

- 1.- O incumprimento total ou parcial do seu clausulado.
- 2.- A imposibilidade de realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.

3.- O mutuo acordo entre as partes.

Décima.- Supostos de reintegro.

No caso de que o beneficiario da subvención incumprise o disposto neste convenio, a Secretaría Xeral para o Deporte revogará total ou parcialmente a subvención concedida, logo da audiencia do interesado.

Procederá o reintegro total ou parcial ao beneficiario das cantidades percibidas e as esixencia dos xuros de mora correspondentes, en aplicación do disposto nos artigos 33 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As sancións en caso de incumprimento das obrigas fixadas ao beneficiario son as previstas nos artigos 59, 60 e 61 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo primeira.- Publicidade e rexistro de axudas.

O beneficiario da axuda coñece e consinte a inclusión dos seus datos nos rexistros aos que, en virtude da normativa de publicidade á que está sometido o convenio, deberá dársele publicidade a esta subvención, en concreto, nos rexistros regulados polo Decreto 126/ 2006, de 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e o Decreto 132/ 2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/ 2005, de 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Décimo segunda.- Natureza do convenio, réxime xurídico e xurisdición aplicable.

O presente convenio é de natureza administrativa e consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso - administrativa.

A súa normativa específica está constituída basicamente pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, nos seus preceptos declarados básicos, así como pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o Regulamento da mesma aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

Este convenio está suxeito ás obrigas de publicidade impostas polo artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 de 15 de febreiro de 2016.)

En proba de conformidade asínase o presente por triplicado no lugar e data arriba indicados.

O Secretario Xeral para o Deporte

**O Presidente da Federación
Galega de Automobilismo**

José Ramón Lete Lasa

Iván Corral Pérez

Convenio coa Federación Galega de AUTOMOBILISMO

ANEXO I

RALLYES DE ASFALTO			
DATA	PROBA	ESCUDEIRÍA	IMPORTE
08/09/10-04-2016	XXXII Rallye Ría de Noia	Berberecho	7.000,00€
22/23/24-04-2016	XXII Rallye do Cocido	Lalín-Deza	8.000,00€
13/14/15-05-2016	II Rallye Eurocidade Tui-Valença	Dona Urraca	7.000,00€
10/11/12-06-2016	XXIX Rallye Cidade de Narón	Siroco Narón	8.000,00€
08/09/10-07-2016	XIII Rallye Sur do Condado	Surco	8.000,00€
09/10/11-09-2016	XXI Rallye da Coruña	One Seven	7.000,00€
14/15/16-10-2016	XXXVIII Rallye San Froilán	Miño-Lugo	8.000,00€
04/05/06-11-2016	V Rallye Ourense-Ribeira Sacra	Luintra	7.000,00€
25/26/27-11-2016	IX Rallye Comarca da Ulloa	Comarca da Ulloa	7.000,00€
		SUBTOTAL	67.000,00€
RALLYMIX			
DATA	PROBA	ESCUDEIRÍA	IMPORTE
04/05/06-03-2016	I Rallymix de Touro	Touro Motor	1.750,00€
15/16/17-04-2016	I Rallymix de Piñor	MixRallyeSports	1.750,00€
20/21/22-05-2016	III Rallymix de A Gudiña	HC Competición	2.000,00€
03/04/05-06-2016	I Rallymix de Moraña	A.D. Arcos da Condesa	1.750,00€
02/03/04-09-2016	I Rallymix de Oroso-Sigüeiro	HC Competición	1.750,00€
23/24/25-09-2016	II Rallymix de Terra de Xallas	HC Competición	2.000,00€
21/22/23-10-2016	I Rallymix A Saleta	MixRallyeSports	2.000,00€
18/19/20-11-2016	III Rallymix de Barbadás	Barbadás	2.000,00€
		SUBTOTAL	15.000,00€
RALLYES DE MONTAÑA			
DATA	PROBA	ESCUDEIRÍA	IMPORTE
30-04/01-05-2016	IX Subida Sta. María de Oia	BM	2.500,00€
28/29-05-2016	V Subida a Pontenova	A Pontenova	3.750,00€
25/26-06-2016	XIX Subida a Pontevedra	Cidade de Pontevedra	3.750,00€
16/17-07-2016	XLIII Subida a Chantada	Chantada	3.750,00€
06/07-08-2016	I Subida a Cortegada de Baños	CDB	1.750,00€
20/21-08-2016	I Subida a Pontecaldelas	Buxa Motor Poio	1.750,00€
17/18-09-2016	XVII Subida a Escusa-Poio	Buxa Motor Poio	2.500,00€
29/30-10-2016	VI Subida a Fraga	Arbo Motor Sport	1.750,00€
		SUBTOTAL	21.500,00€
		TOTAL	103.500,00€

ANEXO II
DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS:

Don/Dona _____, con DNI _____
presidente/a da federación galega de _____
con CIF _____, **DECLARO baixo a miña responsabilidade** que,
finalidade, en relación a outras axudas solicitadas das distintas administracións públicas
competentes ou de entidades privadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de
resolución:

AXUDAS SOLICITADAS:

- ☐ **NON** se solicitaron outras axudas para a mesma finalidade.
- ☐ **SI** se solicitaron outras axudas para a mesma finalidade.

Entidade/Institución á que se solicitou	Obxecto da axuda	Importe solicitado

AXUDAS CONCEDIDAS:

- ☐ **NON** se recibiron outras axudas para a mesma finalidade.
- ☐ **SI** se recibiron outras axudas para a mesma finalidade.

Entidade/Institución concedente	Obxecto da axuda	Importe concedido

E para que así conste, asino a presente declaración no lugar e data abaixo indicados.

En _____ a _____ d _____ e _____ de 2016

Sinatura e Selo da entidade

NOTA: É OBRIGATORIO presentar esta Declaración para a tramitación de cada pago. No caso de que haxa outras axudas para algunha actividade deberá xuntarse ó certificado unha explicación na que conste o custe final da actividade subvencionada e todas as achegas que se recibiron, incluíndo a partida do convenio destinada á mesma.

ANEXO III

DECLARACIÓN DE ESTAR Ó CORRENTE DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E DA SEGURIDADE SOCIAL

Don/Don
a _____

presidente/a da Federación Galega de _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que esta Federación está ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ten ningún pagamento pendente coa Administración da Comunidade Autónoma.

O que asino,

En _____ a _____ de _____ de 2016

ANEXO IV

CERTIFICADO DE VERACIDADE

Don/Dona _____

presidente/a da Federación Galega de _____

CERTIFICA:

Que a totalidade da documentación aportada con motivo da xustificación da subvención no ámbito do convenio de colaboración subscrito coa Secretaría Xeral para o Deporte, ano 2016, na data de, é veraz. .

E para que conste, expido o presente certificado,

En _____ a _____ de _____ de 2016

ANEXO V

CUMPRIMENTO NORMAS DE BO GOBERNO

Don/Dona

Secretario/a da Federación Galega de _____

CERTIFICA:

O cumprimento das normas de bo goberno federativas subscritas con motivo da resolución do 8 de setembro de 2009 da Secretaría Xeral para o Deporte ou por calquera outra que a modifique ou substitúa .

E para que conste, expido o presente certificado,

En _____ a _____ de _____ de 2016

O Secretario

Visto bo do Presidente

ANEXO VI CERTIFICACIÓN

Don/Dona _____

Secretario da Federación Galega de _____

CERTIFICA:

Que na páxina web da Federación Galega de _____ existe un apartado denominado “Transparencia” onde consta, polo menos, a seguinte información:

1. Información institucional, organizativa e de planificación

- a.** Funcións: As federacións deportivas galegas son entidades privadas sen ánimo de lucro que, xunto as funcións que lle son propias polo seu ámbito de actuación privada, exercen por delegación funcións públicas delegadas (art. 51.4 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia). As funcións ás que se deberá dar publicidade son as que se especifican no art. 56 da Lei do Deporte de Galicia, e recollidas tamén nos respectivos Estatutos federativos.
- b.** Normativa aplicable:
- Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, ou norma que a substitúa.
 - Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, ou norma que a substitúa.
 - Orde do 8 de setembro de 2010 pola que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, ou norma que a substitúa.
 - Resolución do 8 de setembro de 2009, da secretaría xeral para o Deporte, pola que se ditan as Normas de bo goberno das federacións deportivas de Galicia, ou ou norma que a substitúa.
 - Resto de normativa aplicable ás federacións deportivas que se aprobe, así como a propia de cada entidade (Estatutos, Regulamentos, etc.)
- c.** Estrutura organizativa: Organigrama actualizado que identifique aos responsables dos distintos órganos federativos, así como o perfil e traxectoria profesional (currículo profesional) dos integrantes dos mesmos.

2. Información económica, orzamentaria e estatística

- a.** Relación de contratos subscritos cunha Administración pública con indicación de: obxecto e duración; importe de licitación e adxudicación; procedemento de celebración; no seu caso, instrumentos a través dos cales se publicitou; número de licitadores no procedemento; identidade do adxudicatario; no seu caso, modificacións do contrato, decisións de deseistimento e renuncia dos contratos; e, finalmente, porcentaxe total do contrato sobre o orzamento total da federación.
Se os contratos tiveran unha duración inferior a un ano e os seus importes foran inferiores a 50.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros cando se trate doutros contratos, a información poderá cumprimentarse trimestralmente.
- b.** Relación de convenios subscritos cunha Administración Pública, indicándose: partes asinantes, obxecto e duración, modificacións realizadas, partes obrigadas á realización das prestacións e, no seu caso, obrigas económicas convidadas.
Neste apartado informarase tamén das subcontratacións que se realicen con mención dos adxudicatarios, procedemento seguido para a adxudicación e importe da mesma.
- c.** Subvencións e axudas concedidas pola entidade ou recibidas dunha Administración pública, con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade, e beneficiarios.
- d.** Orzamentos federativos, con descrición das principais partidas e información actualizada e comprensible sobre o seu estado de execución.
- e.** Contas anuais aprobadas pola Asemblea, informes de auditoría de contas, e informes de fiscalización complementarios que existan.
- f.** Retribucións anuais (soldos e dietas) dos máximos responsables federativos: Presidente/a, Secretario/a, Xerente, Tesoureiro/a, Director/a Técnico/a e demais membros dos órganos da Federación que perciban retribucións. Igualmente, faranse públicas as indemnizacións percibidas, no seu caso, con ocasión do abandono do cargo.

E para que conste, expido o presente certificado,

En _____ a _____ de _____ de 2016

O Secretario

Visto bo do Presidente